

MANIFIESTO

**PARA A
PROTECCIÓN
DAS ONDAS**



A viaxe posibilita o encontro co outro, o achegamento a outras paisaxes, xentes, culturas, ideas e costumes. Viaxar e surfear polo mundo ensínanos un océano global, cuxas costas presentan hoxe problemas compartidos: a contaminación das augas; a urbanización, a degradación e os impactos sobre a costa, a flora e a fauna; e tamén a ameaza e destrución das rompentes. E sen rompentes non hai surfing.

Ante problemas globais necesitamos voces globais que ratifiquen aos grupos máis activos e fortes, e que empoderen aos máis pequenos e débiles na procura de solucións propias. Este Manifesto é unha declaración pública global do valor e necesidade de protección das rompentes de surf como patrimonio natural e recurso deportivo, socioeconómico e cultural.

Isto é un compromiso de comunidade intercultural, un reto xeracional. Un camiño que pode inspirar o cambio a outros, coa axuda de todos. Unha expresión da ética e os valores culturais do surfing, de respecto e harmonía coa Natureza da que formamos parte. O modo en como un individuo ou colectivo relaciónase co seu medio mostra o seu estilo vital; é unha clave de civilización e cultura.

Din que un ser humano é do tamaño dos seus soños. Como surfistas, viaxeiros, académicos, científicos, pais e amantes do mar, un dos nosos é preservar aquilo que nos deu a parte máis bonita da nosa alma. Se somos o que protexemos, protexamos as ondas. Únete, é Tempo para as Ondas.





A NATUREZA, UN PATRIMONIO A CONSERVAR

As voces a favor da conservación da Natureza non deixaron de cobrar protagonismo desde que, a finais do século XIX, a sociedade vai adquirindo progresivamente conciencia de que o modelo de desenvolvemento seguido provoca grandes alteracións, en ocasións irreversibles, sobre cada un dos elementos que constitúen o sistema natural do planeta; o que degrada, en definitiva, o medio no que vivimos e a Natureza da que somos parte integrante.

O chamado desenvolvemento trouxo consigo unha maior complexidade social, económica e territorial das sociedades, e con iso, unha superior capacidade de intervención e alteración sobre o medio natural. Con todo, e en contraposición ao proceso de degradación do medio natural, foise tomando conciencia da Natureza como un patrimonio que é necesario preservar.

Estamos por tanto ante unha valoración cultural da Natureza, un cambio na mirada, na percepción que desta ten o ser humano. A Natureza xa non é considerada só como un recurso explotable, convértese ademais nun patrimonio valorado desde múltiples puntos de vista: éticos, estéticos, científicos, educativos e en definitiva culturais.

2



SOBRE A DIVERSIDADE NATURAL

Dentro da enorme diversidade natural do noso planeta, os compoñentes bióticos do medio gozaron dunha atención preferente no proceso de patrimonialización. A biodiversidade foi a gran abandeirada do ecoloxismo e as políticas ambientais, aínda que non só. Na declaración dos primeiros parques nacionais os valores paisaxísticos tiñan un papel destacado.

Nas últimas dúas décadas rexistrouse unha atención crecente pola valoración e xestión da xeodiversidade, e moi recentemente, introduciuse na literatura científica internacional o termo “hidrodiversidade” para referirnos á variedade de formas existentes na “hidrosfera” – termo xa aceptado desde hai décadas -, ou á diversidade de elementos e lugares constituídos por masas de auga nos seus diferentes estados.

Tal consideración adquire maior relevancia si temos en conta que unha boa parte da superficie do noso planeta (70% aprox.), caracterízase polo dominio dos medios e paisaxes acuáticas.

3



OCÉANO GLOBAL E HIDRODIVERSIDADE

Os océanos son un compoñente fundamental na regulación enerxética e o clima do planeta. As masas de auga na súa enorme diversidade, desde as grandes extensións mariñas e oceánicas aos pequenos lagos continentais, desde os longos cursos dos ríos aos curtos torrentes de montaña, ou desde os grandes casquetes polares aos pequenos glaciares, son todos eles elementos e lugares que deben ser tamén considerados e tratados como parte da diversidade e do patrimonio natural do planeta.

Con todo, na maior parte dos casos, as masas de auga non son valoradas por si mesmas, senón consideradas como mero soporte de ecosistemas e hábitats a protexer pola riqueza dunha biodiversidade que, por excepcional en número e formas de vida contidas, goza desde hai décadas dunha atención e xestión específica.

Noutras ocasións, pola súa estreita relación coa xeosfera, e polas formas xeomorfolóxicas derivadas da acción da auga como axente de modelado externo, as masas de auga son consideradas como elementos inseridos no relevo (exemplo: un río, unha fervenza, un lago, un glaciar, etc.). Con todo, estes elementos non forman parte nin da xeodiversidade, nin moito menos da biodiversidade.

**ANTE
PRO-
BLEMAS
GLOBAIS
NECESI-
TAMOS
VOCES
GLOBAIS.**

4



A VALORACIÓN DA HIDRODIVERSIDADE

Precisamente o concepto de hidrodiversidade foi acuñado a través dun elemento característico do medio litoral como son as ondas. Ninguén dubida do alto valor da fauna e flora silvestres, ou dos medios de montaña, os desertos e os polos, pero un río, unha ferverza ou as ondas do mar, a pesar do seu carácter efémero e cambiante, son todos eles compoñentes do medio natural con indubidables valores intrínsecos e engadidos.

No actual contexto internacional no que os gobernos revisan e completan os seus inventarios de patrimonio natural, estes só serán completados cando se engadan todos os compoñentes da diversidade natural, incluído, no noso caso, a demanda de incorporación dos diversos elementos e lugares do medio acuático en xeral, e as ondas de especial interese para o surf en particular.

5



O MEDIO LITORAL COMO RECURSO

O medio litoral é un espazo de gran valor no que aínda dominan as leis da Natureza, e por tanto, con características e dinámicas singulares, ao constituír a franxa de transición, encontro e unión entre a mar e as terras emerxidas. Espazo de gran valor para o home, ocupado desde tempos antigos polos recursos próximos que ofrece a súa ribeira, é base e refuxio dun inmenso océano global que de temido, e fronteira entre mundos, pasou a ser traballado, vivido e ponte de unión entre costas e pobos.

Na actualidade as nosas costas convertéronse en área de recreo para calquera cidadán que se achega á súa beira: as súas características rompentes, praias, cantís, estuarios, ecosistemas, baías, brisas e amplos horizontes marcan os perfís das paisaxes litorais convertidos nun recurso socioeconómico de primeira orde.

6



A DEGRADACIÓN DO LITORAL E A COSTA. IMPACTOS SOBRE AS ROMPENTES SURFEABLES

Con todo, as nosas costas, do mesmo xeito que outros espazos naturais, convertéronse na área de espaxamento da crecente sociedade urbana, paradoxalmente, destrutora e demandante de natureza. Na actualidade, están sometidas a intensas presións de uso e aproveitamento que pon en risco non só a preservación do medio como patrimonio natural, senón tamén o seu uso racional e sustentable como recurso socioeconómico.

Aos usos e asentamento tradicional, veuse engadir unha forte atracción turística e presión urbanística que en moitas ocasións introducen intensas alteracións, cando non perda de elementos, procesos e dinámicas, que minguan o seu valor intrínseco e o seu potencial como recurso.

Por desgracia, en relación coas rompentes surfeables os problemas de degradación e perda son cada vez máis frecuentes: dragados, recheos, construción de espigóns, e outras actuacións sobre a franxa litoral e costeira ameazan a súa integridade, de aí a necesidade de concienciación duns impactos provocados en moitos casos por descoñecemento, e con frecuencia evitables con facilidade e sen custos engadidos.

**AS ON-
DAS SON
UN ELE-
MENTO
ESENCIAL
DA MAR.**



OS VALORES NATURAIS DAS ONDAS E ROMPENTES SURFEABLES

As ondas son un elemento esencial da mar. A súa presenza é un compoñente significativo, icona da paisaxe oceánica e litoral. Forman parte do seu valor e condición. A pesar de ter unha existencia efémera, son un elemento básico no balance enerxético mariño e planetario. A enerxía do sol, transmitida á atmosfera en forma de vento e borrascas xeradoras do mar de fondo, propágase en forma de ondas que, tras unha longa e azarosa viaxe por alta mar, chegan ás augas someras do litoral onde descargan a súa enerxía, modelando as costas en combinación con outros axentes. Non existen só para o noso beneficio. Son un axente fundamental no sistema natural.

O seu carácter singular, efémero, dinámico, fráxil e cambiante, esixe un tratamento integral e a consideración non só das ondas en si mesmas, senón de todos aqueles factores condicionantes que participan na súa rotura, o que pode integrarse baixo un concepto máis global como é o de rompente de surf ou “Surfbreak”.

Unha rompente de surf defínese como unha zona na que factores tales como o mar de fondo procedente de mar aberto, as correntes, o nivel do mar e a profundidade variable asociada ás mareas, os fondos sub-mariños e o vento interactúan para dar lugar á formación dunha onda surfeable. Na consideración do funcionamento dun surfbreak é necesario incluír tamén o corredor de chegada e transformación da onda ou “swell corridor”, situado cara mar dentro. Así pois, un surfbreak é aquela franxa do medio litoral no que froito da combinación dos factores da hidrodinámica mariña, a meteoroloxía e a morfoloxía costeira xéranse ondas cunha forma de romper apta para a práctica do surf. Por ondas surfeables enténdese aquelas que presentan un modo de romper tal que desde un punto inicial ou “pico”, ofrecen un tramo de crista sen romper que o fai de xeito progresivo e continuo desde o pico, o que permite ao surfista collela e deslizarse a través da parede da onda de forma lateral. Tendo en conta que a maior parte das costas non producen boas ondas surfeables, a súa existencia fainas un elemento excepcional e único.

Todo iso e máis conforma o valor intrínseco ou natural das rompentes de surf. Pero ademais, o ser humano dotounas de amplos e profundos sentidos e significados, todo un pouso cultural.

**SEN
ROM-
PENTES
NON HAI
SURFING.**



OS VALORES ENGADIDOS POLA CULTURA SURF

O valor das ondas e a práctica de deslizarse sobre estas posúe unha longa tradición que se remonta ás antigas civilizacións insulares do Pacífico Sur (Hawaii – Polinesia). A ribeira foi desde antigo un espazo traballado, vivido e mesmo venerado. Os pobos atopaban máis aló das rompentes a pesca para o seu sustento. As ondas eran un elemento cotián. A súa forma, dinamismo e poder sería mitificado e dotado dun especial valor e simboloxía, até o punto de querer participar da súa forza cabalgando nas súas efémeras rompentes.

Desde que o surf chega a occidente a principios do século pasado, o número de seguidores creceu exponencialmente. A pesar das distintas vertentes a través das que se desenvolveu, xa sexa como deporte, actividade de lecer e goce, industria, ou mesmo, para algúns, asimilado como un estilo de vida, en esencia o surf fomenta un sentimento de respecto e achegamento cara á Natureza da Mar.

9



AS ROMPENTES DE SURF COMO UN PATRIMONIO E RECURSO NATURAL, DEPORTIVO, SOCIOECONÓMICO E CULTURAL

O mar e as ondas posúen unhas altas calidades estéticas, parte esencial, pero non única, do seu atractivo. Bríndannos o goce da beleza das súas formas e dinamismo; a liberdade dos seus horizontes; a pureza das súas brisas; ou a luz e cor das súas augas. Todo iso motivou o desenvolvemento das súas propias expresións de cultura: música, cine, literatura, pintura, escultura, moda, ciencia natural e social, até un argot propio, con eventos diversos creados por e para o surf. As rompentes son o recurso

AS ON- DAS SON PARTE DO PATRI- MONIO NATURAL DO PLA- NETA.

básico da actividade, a cancha de xogo para o deportista, o espazo de lecer e recurso para o turista, o obxecto de estudo do científico, un espazo venerado por millóns de amantes do mar.

O desenvolvemento e aceptación das actividades vinculadas ao surf por parte da cidadanía vai cada vez en aumento. Os seus patróns de beleza e liberdade son frecuentemente utilizados en moda e deseño, como reclamo publicitario nos medios de comunicación e como recurso socioeconómico capaz de contribuír ao desenvolvemento local e romper a estacionalidade dos ingresos das comunidades costeiras a través dunha actividade, que xestionada de maneira sustentable, é de baixo impacto ambiental.

Pero ademais dun recurso, para outros moitos as rompentes de surf son un elemento da natureza singular, dotado dun alto valor cultural engadido, un espazo de liberdade e vivencia que constitúe un verdadeiro patrimonio, unha suma de valores, un ben herdado, un ben propio, un ben a transmitir.



A PROTECCIÓN LEGAL DAS ROMPENTES DE SURF. UNHA CLAVE CULTURAL

A pesar de todos os valores e significados outorgados a este elemento característico do medio físico litoral, aínda non é obxecto de valoración xurídica e tratamento específico desde a ordenación territorial en vías a garantir unha adecuada xestión do que é un patrimonio e un recurso natural e cultural. Esta declaración pública non constitúe pois un porto de chegada, senón un punto de partida decidido a obter unha demanda social e cultural. Trátase dun avance en cultura, da nosa relación como sociedade global coa Natureza da que formamos parte. Todo o que leve degradala é en esencia degradarnos a nós mesmos. Un enfoque sustentable require en primeiro lugar un recoñecemento do seu valor e unha disposición a tratar de conservalo. Todo o que implique avanzar neste camiño é desenvolvemento; o contrario, é un retroceso. Trátase de avan-

zar nun campo que era necesario dotar de maior luz, que permaneceu oculto tras as néboas do descoñecemento.

Este primeiro paso vén tratar de cubrir tal baleiro, pero non finaliza aquí. Unha vez reclamado un superior sentido e valor de patrimonio, e con iso, unha axeitada protección dos seus elementos e lugares máis sobresáintes, requírese a achega do coñecemento detallado que fundamente unha axeitada e eficaz xestión espacial. Dadas as particularidades do obxecto a tratar – as rompentes de surf -, faise necesario un enfoque integrador no que atender tanto aos seus valores intrínsecos ou naturais, como aos seus valores engadidos ou culturais e aos seus valores de uso e xestión.

**ISTO É UN
COMPRO-
MISO DE
COMUNI-
DADE IN-
TERCUL-
TURAL.**

11



DECLARACIÓN DA NECESIDADE DE VALORAR, XESTIONAR E PROTEXER LEGALMENTE AS ROMPENTES DE SURF CO FIN DE GARANTIR A SÚA PRESERVACIÓN

Ante os crecentes impactos, degradacións e perdas de rompentes de interese para o surf, manifestamos aquí a necesidade de inventariar, valorar e avaliar o estado actual das rompentes do noso litoral, co fin de garantir a súa preservación, non só no presente, senón para as xeracións futuras. Manifestamos tamén aquí a necesidade de dar cobertura xurídica a esta parte da diversidade natural desprovista de protección legal, que se lle recoñeza como parte integrante do noso patrimonio e diversidade natural, e como tal que goce dunha xestión adecuada a garantir a súa conservación.

En moitas ocasións as actuacións sobre o litoral levan aparellados graves impactos sobre as rompentes surfeables, con frecuencia sen beneficio para ninguén. Toda obra no medio litoral debería levar un rigoroso estudo de impacto ambiental no que se valorase – entre outros -, o factor de rompentes surfeables. Neste sentido, os obxectivos fundamentais da presente demanda serían en primeiro lugar recoñecer os lugares sobresaíntes de especial interese para o surf, e segundo, protexer e conservar eses lugares de interese a través da xestión e limitación de usos e a súa compatibilidade co desenvolvemento sustentable da poboación local.

Seguindo o exemplo do que xa comezou a aplicarse nalgúns países como Australia, Nova Zelandia, Estados Unidos de América, Perú ou España, a vía para materializar dita proposta podería ser o recoñecemento da figura de Reservas de Surf, establecendo distintas escalas espaciais, desde a internacional á rexional. Con iso, ademais de asegurar a conservación das rompentes como patrimonio, revalorizaríaas como recurso de calidade nas nosas costas.

Trátase, en definitiva, de dar a coñecer para valorar, valorar para gozar, e gozar para tratar de conservar coa axuda de todos. Todo o que sexa degradar é retroceder, negar unha calidade do medio litoral ás xeracións futuras. E si é certo que temos o dereito de aproveitalo e gozalo, tamén o deber de preservalo.

Isto é un compromiso de comunidade intercultural.

Se somos o que protexemos, protexamos as ondas.

SE SO-
MOS O
QUE PRO-
TEXEMOS,
PROTEXA-
MOS AS
ONDAS.



Surf&Nature Alliance é unha organización intercultural sen ánimo de lucro dedicada a protexer o medio costero, capacitando ás comunidades locais mediante a valoración, conservación, protección legal e xestión sostible dos seus recursos naturais e patrimonio cultural.

Este Manifesto foi escrito no ano 2012 por
Surf&Nature Alliance
(surfnaturealliance.org)

Edita a edición en galego do Manifesto
Libros del Océano (librosdeloceanos.com)

DLC - # 002 - 2019

ISBN: 978-84-09-11043-8

Depósito legal: C 760-2019

Imprime: Lugami Artes Gráficas, S.L.



LIBROS
DEL
OCÉANO



SURF &
NATURE
ALLIANCE



Costa
das Ondas
Ferrol



MANCOMUNIDADE
Concellos da Comarca
de Ferrol



Deputación
DA CORUNA



FERROLTERRA
RÍAS ALTAS